

ENTREVISTA A ÓSCAR IGLESIAS

Lucía, Luana, June, Lola e Cata

1. NALGÚN MOMENTO DA TÚA VIDA PENSACHES QUE CHE GUSTARÍA SER DIRECTOR DUN INSTITUTO?

Pois si, a verdade é que si.

2. COMO DIRECTOR CAL É O TEU OBTETIVO PARA OS ALUMNOS?

Obter o mellor deles, que saquen o máximo rendemento académico e que se formen como persoas en valores de solidaridade, tolerancia, respecto, esforzo..

3. QUE TE APORTOU SER DIRECTOR?

Moitísimo traballo, preocupacións, disgustos e responsabilidade sobre todo

4. ESTAS DE ACORDO CON COMO É O INSTITUTO?

Si, aínda que todo é mellorable
En canto rendemento escolar as
 cousas van moi ben pero este ano
 estamos percibindo moitos
 problemas de convivencia co
 alumnado e nese sentido non estou
 satisfeito, porque estamos a
 traballar máis en defender e
 tratar de que non haxan problemas
 en lugar de facer cousas que
 poderían ser súper interesantes
 como actividades, concursos nos
 que podades participar...



5. CAL É A SITUACIÓN MÁIS HABITUAL NA TÚA VIDA COMO DIRECTOR ?

A miña función como o nome indica é dirixir e planificar: cando remata unha avaliación, cando empeza a seguinte; decidir os días que van ser non lectivos; mirar se se van facer desdobres como en matemáticas, nas linguas... É dicir xestionar o centro pero en grandes rasgos. E despois a medida que vai avanzando o curso ir concretando, facendo actividades coma o entroido por exemplo.

6. QUE CAMBIARIAS DO INTITUTO?

O instituto dende o punto de vista de infraestrutura ten que medrar, está prevista una ampliación do centro de cara o curso que ven non, para o seguinte porque cada vez hay máis demanda para este centro. E a nivel organizativo, se temos profesorado suficiente, aquí hay 53 profesores e profesoras impartiendo clase, a miña responsabilidade é organizar os horarios dos profesores se nos mandan plantilla suficiente pois penso que é máis interesante o que algunhas de vos víchedes que eran os desdobres en inglés completamente todas as horas non solo en conversación, os desdobres en matemáticas, as horas de desdobres que tiñades en laboratorio, é dicir volver outra tarde para poder facer desdobres porque o número de alumnos que atiende cada profesor é importantísimo para ver que o alumno avanza é que os resultados melloran, entón eu traballaría nesa línea. Despois xa sabedes que eu son moi amigo das actividades extraescolares e complementarias sempre dentro dun límite e creo que por alí temos que potenciar. Entre os obxectivos que teño é tamén mellorar tanto a nivel tecnolóxico o centro e comprar un montón de ordenadores portátiles, e tamén pensó que hay que potenciar as linguas extranxeiras e organizar viaxes ao extranxeiro tanto intercambio con Francia como a calquera outro sitio, esto organizouse antes da pandemia cun grupo de 4 de ESO.

7. NON SO COMO DIRECTOR, TAMÉN COMO PROFESOR DE EDUCACIÓN FÍSICA QUE OPINAS DO USO EXCESIVO DOS MOBILES E A FALTA DA ACTIVIDADE FÍSICA ENTRE OS ADOLESCENTES?

Eu penso que é tremendo, eu son profesor de educación física de deporte en segundo de bacharelato, e son profesor de promoción de estilo de vida saudable e é un tema que abordamos constantemente na clase. Cando eu era xoven a situación era totalmente distinta, e dende o punto de vista de actividade física como tiñas menos posibilidades de entretenerte en una posición sedentaria, é dicir tumbado ou sentado tenías maior facilidade física diaria. A día de hoy somos máis sedentarios, nos movemos menos e temos máis horas de pantalla. A min tamén pasoume que ao pasar de traballar de profesor de educación física a director móvome bastante menos e ten unas consecuencias tamén no físico, como menos actividades, menos consumo calórico, peor alimentación etc. En conclusión pensó que os adolescentes pasados demasiado tempo pegados as pantallas.

¿CONSIDERAS QUE AS VIAXES EXCURSIÓNS ETC APORTAN ALGO A OS ALUMNOS?

si pensó que si,eu son partidario en romper o grupo aula,as viaxes favorecen moito a relación, e en nivel académico trae moitos conecementos.



9. POR QUE CREES QUE TEN QUE ESTAR PROHIBIDO O USO DO TELÉFONO?

o uso do móvil esta prohibido nas horas lectivas salvo con fins educativos, fai uns anos houbo moitos problemas enton prohibimos o uso de teléfono pero puxemos mesas de pinpon para hacer actividades no recreo, todo esta dacordo con isto.



10. EN QUE ANO COMEZACHES A SER DIRECTOR DESTE CENTRO?

No 2018, levo xa catro anos como director. Pero no 2017 xa era vicedirecor. Levo cinco anos en dirección.

11. POR QUE DECIDICHES SER DIRECTOR?

Todo foi gracias aos meus compañeiros, que confiaron en min. No momento que eu era vicedirector existía a posibilidade de ser director. E como os meus compañeiros, os profesores, os alumnos e as familias confiaron en min, decidín afrontar o reto e aquí sigo.

12. CAL CRES QUE É O PRINCIPAL ERRO Á HORA DE EDUCAR AOS NENOS?

Eu o que penso é que, aínda que vós nos o entendades, nós tamén tivemos a vosa idade e temos a experiencia de saber como nos trataron a nós para saír adiante.

Hai que saber ata que punto podemos tirar de vós e esixir que chegedes puntuales, que sexades ordenados e estudiades na casa, que atendades en clase.. É dicir, sabemos ata que punto podeades dar.

Para min a clave é esa, tirar de cada un ata o máximo que poda dar.

CAL CREES QUE E O PRINCIPAL ERROR A HORA DE EDUCAR A OS NENOS?

Penso que hay que saber ata que punto se pode tirar de vos e esixir, que chegedes puntuales que seades ordenados...

Non todos podemos sacar todo 10 pero e moi triste que unha persoa que pode chegar ao 10 saque un 3 enton eu como o educador a miña labor e que o que e de 10 chegue a o 10, e debe haber certa presión sobre o alumnado para intentar sacar o millor de vos xa que o 90% da xente tende ao estatismo e facer o mínimo posible

CAL FOI A SITUACIÓN MAIS SOSPRENDENTE QUE CHE SUCEDEU COMO PROFESOR?

Alumnado con dificultades de aprendizaxe que sae a diante, e ver que chegan a donde poden chagar cada un, para mi iso é unha satisfacción

